

Úrsula Heinze

Ausgewählte Gedichte 1997-2008
Escolma poética 1997-2008



Úrsula Heinze

Ausgewählte Gedichte 1997-2008
Escolma poética 1997-2008

Pode acceder vostede a declamación
dos poemas na voz sa súa autora.



Promove:

Centro de Linguas Modernas da USC

Subvenciona:

Centro de Linguas Modernas da USC
Servizo de Normalización Lingüística da USC

Coordinador:

José Manuel Pérez Pena (Centro de Linguas Modernas)

Tradutora:

Maruxa Zaera Landeira (Centro de Linguas Modernas)

Imprime:

Unidixital

Fotografía de portada: José Manuel Pérez Pena
Acompañamento musical da gravación: Federico Chopin, Nocturno
Opus 37/1 en sol menor.

Impresión: Unidixital
D.L.: C 3038-2011

Agradecementos.....	7
Limiar	9
Poemas en Alemán	15
Poemas en Galego	67

Agradecementos

A Úrsula Heinze, pola súa amizade e polo entusiasmo co que acolleu este proxecto.

A Maruxa Zaera Landeira, pola acertada e precisa tradución que fixo dos poemas.

Ao decano da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, José Pereira Fariña, polas súas acertadas suxestións e por poñer á nosa disposición o estudio de gravación da Facultade;

A Manuel Fidalgo Espasandín, técnico de son, polo seu estupendo traballo no estudio de gravación.

Á directora do CLM, Katerina Vlasakova, e ao director do Servizo de Normalización Lingüística da USC, Manuel Núñez Singala, polo seu asesoramento e apoio económico que permitiron sacar á luz esta publicación.

Aos compañeiros de sección no CLM, Elisabeth Schaible e Manuel Fernández Méndez, que cos seus acertados consellos e a súa cooperación contribuíron á realización deste proxecto.

José Manuel Pérez Pena

Limiar

1.- A autora:

Úrsula Heinze (Colonia, 1941) estudou filoloxía alemá e inglesa na súa cidade natal, onde se licenciou no ano 1966. Dous anos máis tarde trasladou o seu domicilio a Santiago de Compostela, cidade que, exceptuando un intervalo de catro anos (1973-1977) nos que residiu en Valladolid para traballar como lectora de alemán na universidade desa cidade, se converteu no seu lugar de residencia habitual, e onde segue residindo e escribindo na actualidade.

A súa produción literaria abarca unha gran variedade de xéneros, que van dende a poesía, pasando pola novela, o relato, o ensaio, ata a literatura infantil e xuvenil. Escribe e publica tanto en lingua alemá coma en galego, traduce autores de fala alemá ao galego e ao castelán, como Heinrich Böll, *Y no dijo una sola palabra* (1972), ou Michael Ende, *O ponche dos desexos* (1991, Premio Ramón Cabanillas de tradución), e publica antoloxías de poesía.

Úrsula Heinze foi co-fundadora do PEN Clube Galego (1989) o cal presidiu dende 1991 ata 1995. Asemade, é membro do PEN Club Alemán (dende 1995) e foi vicepresidenta do Comité de Tradución e Dereitos Lingüísticos do Pen Internacional dende 1992 ata 1999. En 1994 foi galardoada co premio Losada-Diéguez á mellor publicación do ano.

Na actualidade é colaboradora habitual na radio e prensa de Galicia.

A súa **obra** en lingua galega e alemá abrangue os seguintes xéneros:

a) literatura para nenos:

A casa abandonada, (Premio Merlín), 1986.

b) novela:

O soño perdido de Elvira M., 1982.

Anaianci, 1989.

Culpable de asesinato, (Premio Blanco Amor), 1993.

c) conxuntos de relatos:

Remuños en coiro, 1984.
Confidencias, 1992.
Fingerspiele. Sehnsuchts geschichten, 2006.

d) libros de entrevistas:

Arredor da muller en 18 mundos, 1985.
Mulleres, 1991.

e) poesía:

Wassersprache, 1997.
Meine Verse klingen nach Erde, 1997.
Dein Verrat, 1998.
Erdbeerlicht, 1999.
Credo, (alemán/galego), 1999.
Laubnacht, 2000.
Sommeruntergang, (haiku), 2000.
Spanische Wand, 2000.
Nachtbläue, 2001.
Ambra, (alemán/galego), 2001.
Atlantisches Tief, 2001.
Schilfgang, 2002.
Torso, (alemán/galego), 2002.
Im Winde gekleidet, 2002.
Schattenblätter/Hojas de Sombras, (alemán/castelán), 2002.
Saeculum Saeculorum, 2003.
Mitlesebuch 68, 2003.
Mexikanische Runnenblicke/Mirarunas Mexicanas, (alemán/castelán), 2004.
die zeit begehén, (haiku), 2004.
...fremdgehen nichts dagegen, 2004.
Nadir, (alemán/galego), 2005.
nur meer sein, (alemán/castelán), 2005.
Carpe Diem, 2006.
ein auge genügt in den abgrund zu blicken, 2006.
das meer aufgeschlagen, 2006.
liebesblätter, 2006/2007.
Steingesang, 2007.
Überwinterung, 2008.
Skyline, (alemán-galego), 2008.
Amal, 2008.
wie eine insel, (alemán/castelán), 2009.

2.- A presente escolma:

Os poemas contidos nesta edición biligüe alemán-galego proceden de varias publicacións de Úrsula Heinze, algunhas das cales son edicións limitadas publicadas por editoriais pequenas, por conseguinte de non fácil acceso para o gran público. Cronoloxicamente as publicacións pertencen ao período que vai do ano 1997 ao 2008 e coidamos que a selección aquí presentada dá unha visión bastante precisa da produción poética de Úrsula Heinze. As publicacións referidas son:

<i>Wassersprache</i> , 1997.	(poemas 1-3)
<i>Meine Verse klingen nach Erde</i> , 1997.	(poemas 4-9)
<i>Erdbeerlicht</i> , 1999.	(poemas 10-12)
<i>Nachtbläue</i> , 2001.	(poemas 13-18)
<i>Atlantisches Tief</i> , 2001.	(poemas 19-21)
<i>Schilfgang</i> , 2002.	(poemas 22-25)
<i>Im Winde gekleidet</i> , 2002.	(poemas 26-39)
<i>Mitlesebuch 68</i> , 2003.	(poemas 40-41)
<i>Carpe Diem</i> , 2006.	(poemas 42-47)
<i>Überwinterung</i> , 2008.	(poemas 48-50)

A disposición dos poemas responde á orde cronolóxica en que foron publicados. Con respecto á tipografía, que non é uniforme nos cincuenta poemas desta escolma, así como á ortografía, cómpre mencionar que se respectou escrupulosamente a empregada pola autora nas publicacións orixinais.

Na selección dos poemas tivéronse en conta fundamentalmente dous criterios, por unha banda, as preferencias e o gusto persoal do editor e, por outra banda, tamén a simplicidade lingüística, pois esta publicación pretende ser non só unha antoloxía breve e representativa da obra poética de Úrsula Heinze, senón tamén unha ferramenta de estudo da lingua alemá. Unha ferramenta de estudo que segue a liña de materiais didácticos que o Centro de Linguas Modernas da USC promove a través da súa aula de autoaprendizaxe (Centro de Recursos de Idiomas), aula na que os interesados en aprender unha lingua estranxeira poden ampliar e perfeccionar os seus coñecementos dun idioma, neste caso o alemán, de xeito autónomo e personalizado.

En canto á temática son poemas que abordan a vida en moitas das súas facetas destacando temas universais coma o amor e o desamor, o sentido da vida, a morte, o paso do tempo, a incomunicación, a soidade ou temas focalizados nun contorno máis inmediato como Galicia, o desarraigo ou a perda dun ser querido. A dor e a tristura que transmiten algúns poemas está matizado por unha sorte de optimismo que se manifesta con frecuencia por medio da idea da esperanza (*Hoffnung*), tal como se pode comprobar nalgúns exemplos aquí recollidos.

Nun plano formal os poemas destacan pola súa concisión lingüística, son non poucas veces imaxes concentradas, reducidas á súa mínima expresión, que nalgúns

casos nos lembran a arte poética dos haikus da tradición lírica xaponesa. Auténticas perlas, en calquera caso, que hai que gozar amodiño e deixar que o sentimento que evocan impregne a memoria do lector, igual que cómpre facer cos bos viños que para gozalos en toda a súa plenitude é preciso saborealos sempre en pequenos e lentos grolos.

Agardamos que a esta pequena publicación se lle poida tirar un dobre partido: un didáctico e práctico, coma o que referiremos sucintamente no seguinte parágrafo, e outro ético e estético, ofrecido nuns versos cargados de sabedoría, sensibilidade e beleza, que nos permitirán coñecer algo máis de preto o mundo poético de Úrsula Heinze.

3.- Uso didáctico dos poemas:

Os destinatarios aos que vai dirixido este material, nun principio, son estudantes de lingua alemá cun nivel de coñecemento do alemán A2, B1 ou B2 segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. Os textos poden ser usados tanto para practicar as destrezas de comprensión coma de expresión escrita. Así mesmo, os vinte poemas contidos no CD tamén poden ser utilizados para practicar a comprensión auditiva.

Como material de lectura, esta publicación presenta a vantaxe e a comodidade de non ter que recorrer con máis ou menos frecuencia ao dicionario, pois para consultar o vocabulario descoñecido basta con acudir á versión en galego. Coa vantaxe engadida de que o vocabulario novo apréndese contextualizado, circunstancia que dende un punto de vista da adquisición da linguaxe resulta máis efectivo que unha simple e rápida consulta nun glosario ou dicionario. Unha segunda vantaxe é que ao tratarse de textos curtos non se precisa unha gran motivación á hora de abordalos, coma sería o caso cando se trata de textos (literarios) longos. Pensamos que estes poemas poden resultar un bo estímulo para que os estudantes da lingua alemá perdan o medo e se atrevan a traballar con textos literarios orixinais dende as primeiras etapas da aprendizaxe.

Como instrumento para practicar e mellorar a destreza de expresión escrita, a tarefa que propoñemos é moi sinxela: o alumno escolle un poema na súa versión en galego e tradúceo ao alemán. Unha vez feita a tradución poderá comparar o seu texto coa versión orixinal. Non se trata de usar o texto orixinal coma un patrón de corrección, senón coma unha simple elemento de comparación que lle permita ao alumno comprobar se os aspectos semántico, morfolóxico e sintáctico están en sintonía cos do orixinal¹.

Ao igual que se dicía no parágrafo anterior, tamén aquí a brevidade dos textos pensamos que pode resultar un factor motivador á hora de abordar o exercicio. No Centro de Recursos de Idiomas da USC existen materiais similares a esta publicación, e a experiencia veunos dicir que, a pesar de tratarse neses casos de relatos curtos, a

¹ Á hora de comparar a ortografía dunha tradución co orixinal hai que ter en conta que en moitos dos poemas aquí incluídos a autora prescinde das maiúsculas.

extensión dos textos con frecuencia desanima aos estudantes de alemán á hora de decidirse por unha actividade como a proposta.

Recomendamos elixir os poemas que se vaian traducir tendo en conta o seu nivel de dificultade, segundo se indica no seguinte cadro:

nivel	poemas
A2	1, 3, 7, 12, 14, 17, 19, 20, 25, 27, 28, 32, 33, 37, 49
B1	6, 10, 13, 15, 16, 18, 22, 23, 24, 26, 31, 34, 35, 36, 40, 42, 43, 45, 48, 50
B2	2, 4, 5, 8, 9, 11, 21, 29, 30, 38, 39, 41, 44, 46, 47

Para facer un uso didáctico dos poemas gravados no CD recomendamos usar os poemas a xeito de ditados, escoitando unha o varias veces os textos, e usar o texto escrito para corraxir o exercicio, practicando así ao mesmo tempo as destrezas de comprensión auditiva e de expresión escrita.

Os vinte poemas contidos no CD correspóndense cos poemas número 1, 2, 5, 6, 9, 11, 12, 17, 20, 23, 27, 34, 36, 39, 40, 42, 45, 46, 48 e 50.

Santiago de Compostela, Nadal de 2011

Poemas en Alemán

I

Mutter

Du bist Hoffnung
Hoffnung ist Verständnis
Verständnis ist Liebe
Liebe ist Tod.

Du bist Tod
Tod ist Liebe
Liebe ist Verständnis
Verständnis ist Hoffnung.

Du warst Hoffnung
Verständnis
Liebe und
Tod.

II

Muiñeira

Weder Hitze noch Stiere
weit und breit kein Olé
hier tanzt man Muiñeira
trinkt Weisswein statt Bier.

Das Meerwasser eisig
der Wellengang stark
die Strömung gefährlich
du bleibst besser an Land
es sei denn
der Himmel lockt dich
und der Geruch
des salzigen Tods.

III

Unterwegs

Unterwegs zu dir
wo bist du

Niemand kennt dich
wer bist du

Besondere Merkmale
wie bist du

Such dir einen Blinden
und teil mit ihm
den Weg ins Licht.

IV

In meiner Tasche

Die Gedanken in meiner Tasche
bohren sich ein Loch in die Freiheit

ich verliere sie
auf dem Weg in die Zukunft

gepflastert mit zweitausend Jahren
johannisbeerroter Hoffnung.

V

Eine Träne

Leg mir eine Träne auf die Lippen
und ich werde sie küssen

auch wenn sie nach Tod schmeckt
und nach Entsagung

immer noch besser
als wenn ein anderer sie liebt

um nach neuen Wunden zu graben.

VI

Das Wort

Das Wort
stürzt
von den Lippen
in die Hand
schreibt
ein Gedicht
in deine Augen:
ich sehne mich
nach deinem Mund.

VII

immer noch

immer noch
deine hände

immer noch
meine hoffnung

immer noch
deine worte

immer noch
meine Sehnsucht

immer noch
deine Stimme

immer noch
meine Trauer

wer bist du
wer bin ich

VIII

Dunkelheit

Dunkelheit
ist eine Welle
die das Leben emporhebt
bevor sie es bricht.

Das Leben
hat nur eine Seite
drehst du sie um
liest du den Tod.

Die Tür
zum Leben ist versperrt
das Tor
zum Tod steht offen.

Friedhöfe
verdanken ihr Leben
den Toten
die Toten ihr Leben
der Erinnerung.

IX

Auf den Rändern

Auf den Rändern
der Schatten
das Gleichgewicht halten
und an das Lachen glauben.

Auf den Wegen
der Gedanken
die Kurven schneiden
und das Ziel erreichen.

Auf den Händen
der Liebe
die Worte opfern
und die Küsse entkleiden.

Sie nehmen der Zärtlichkeit ihr Gesicht
und werfen dich in die Welt.

X

von innen

von innen
klopft die Rückkehr
allein
denn
die Vergangenheit
blieb
auf der Strecke.

XI

Durch Netze

Durch Netze
lass ich Wörter regnen
aus einem ungeliebten Buch
und fang die Sätze
mit der Hand,
obwohl die Zeilen fließen.

Auf sich allein nur
hat die Form Verlass
und schlägt aus Texten Liebe.

XII

Ich lege

Ich lege Sonne
in die Briefe,
die ich den Wolken schreibe
denn
ihre Himmel
sind gezählt.

XIII

Ins Land
der Seele
trete ich
allein

niemand
hält
mit mir
Schritt.

XIV

Durchsichtig
namenlos

in Harmonie
mit letzter Stille

bin ich
nächtlicher Wind

in deinem
See.

XV

Nicht
der Gleiche
sein

auch kein
anderer

sich entgegen kommen
auf halbem Weg.

XVI

Das grüne Los
die Hoffnung
zu gewinnen

der Preis
ist hoch

doch auch
Verlieren kostet

nichts
ist umsonst

ein Lebenlang
bezahlen
fürs Überleben.

XVII

Das Meer
kann ich
nicht tragen
so nehm ich
Salz
auf mich
und lausch
dem Wort
das in der Muschel
rauscht.

XVIII

Nachtbläue
sammelt
Stunden ein
legt sie
dir
ans Herz
 und auf
 die Hügel
 dieser Zeit.

XIX

Den Fuß
im Wasser

im Arm
die Berge

und Nebel
auf der Brust.

Der Baum
geduckt

die Axt
im Schoß

das Blut fließt
aus der Linchtung.

XX

Vor dem Fenster
das Nicken der Fuchsien

Zedern am Tor
vor stummem Gebüsch

in der Hand
der Geruch des Sommers

Roxos trägt Äcker
auf seiner Haut.

XXI

Zypressen im Garten
am Zaun des Vergessens
teilen das Schweigen
nicht den Traum mit mir.

Kein Mut zur Rückkehr.

Ich öffne die Erde
und grabe nach Wünschen
bis nichts mehr geht.
Die Kälte sagt mir

ich bin am Ende.

XXII

sogar
die sandkörner
zählte ich
um die leere
zu füllen
auf meinem weg
ins meer

XXIII

die tür steht auf
und stunden gehen.

kein anspruch auf
die frühlingszeit.

etwas in mir
spielt blinde kuh

und gibt das
suchen auf

du findest was
du kannst und

glaubst ... den
goldenen traum.

XXIV

nichts
nur
die stille hören
auch
wenn man
nichts hört
hört man
und wenn
man
nur
die stille hört.

XXV

erwachen
schlafen

träume
lieben

dein körper
zeit

gehütete
vergangenheit

XXVI

erst du
dann ich
nicht wir
in einem schritt
mein fuß
setzt sich gefangen
schlägt keinen
neuen weg
mehr ein

zieht sich
die schuhe aus

XXVII

eine handvoll
entfernung
dein wort
im wind
flattert
als bild
vor dem fenster

XXVIII

blau
und tief
und ohne
worte

die luft

vor hitze
steif
distanz
geschwitzt

wegspur
des sommers

XXIX

alles passiert
hilfslosigkeit
luftleere
atemlos
was immer
kommt
kommt
wie es will
und rettet
dich nicht
vor dir selbst

XXX

könnte
lächeln und
schweigen
lebenslang
scheinleben
südliches trauma
bruchstück
des daseins
vorname:
abwesenheit

XXXI

das licht
in worte
fassen
in spinnweben
hängen dort
wo der augenblick
die spuren setzt

in jeden herbst

XXXII

eisheiliger
blick

pilgernde
stadt

vor mir
nur steine

XXXIII

labyrinth
sein

wirklichkeit
im raum

reglos
vertraut

draußen
die welt
unscharfer film

XXXIV

der illusion
gehören
in sanfte wolken
gleiten
weiche leere
unter
der haut

ein leiser blick
am tag danach

XXXV

jeden morgen
die stille
küssen
und
den tau
deiner augen

so
bricht
die knospe
des tags

XXXVI

wo steine
wachsen
schreibe ich
erinnerung
ins land
damit sie
wurzeln schlägt
und
deine kälte
wärmt

XXXVII

träume
in die luft
werfen
wie drachen
steigen lassen

leben
im sturzflug
in etwas
wie
wirklichkeit

XXXVIII

das lachen
im mund
 geborgen
 warm
stößt an
den rand
der leere die
in den zähnen
hängt

XXXIX

durch die sprache
mit der sprache
in sich selbst
die stimme finden

dinge
vor dem wort
zu denken
und das bild
vor dem gedanken

einfach
nacht und tag
sein lassen

XL

nach inseln
fragt
die zärtlichkeit
und wo
der engel wohnt
der unsere träume
schreibt

in uns
für uns
und ohne uns

zu fragen

XLI

auf der unterseite
des wassers

das strömen
der nacht

sterne
in der tiefe

verankert
gehen nur

die fische
etwas an

XLII

gestern
sah ich
die welt
wie sie war

heute
sehe ich
die welt
wie sie sein möchte.

XLIII

droge
publikum.

du wirst
hingehen.

mit maske
und verkleidung.

in fremder
rolle sprechen.

und darin
untergehen.

XLIV

der sich selbst
nicht erhört
verdrängt
den moment
einer sehnsucht

verpasst
den traum
einer liebe.

die halbe wahrheit
für halbe lügen.
ein auge reicht
die not zu sehen
ohne zukunft
zu leben

XLV

dunkel vor
dem licht
dein atem
im raum.

unsichtbar
mein wort
auf deinem
mund.

du kennst
das stück
in dem
die rolle
für mich
fehlt.

passé der rat
du musst nur
wollen.
nicht wirklich
wahr.

XLVI

unter mir
seufzend
das meer
als würde
es atmen
sich heben
und in
den himmel
wachsen.
und fern
ein licht
als omen
einer letzten
illusion.

XLVII

zu gelb der tag
geatmet für den
augenblick der taten.

dich namentlich
genannt
kein alias vonnöten.

du stehst
auf linkem fuss
und suchst
die rechte spur

umsonst
auf meinem weg.

XLVIII

dann läuft
es weiter
meistens ruhig
hier ebenso
wie dort
abwärts
allmählich
sicher
nicht so
geplant.

ganz unten
das gespür
von boden
in einem
gelben raum.

XLIX

gelb hier.
nicht weniger
als dort.
so weit
so nah
dein firmament
gewölkte stunden
ohne licht.

ins wasser
fällt der tag.

L

ich gebe dir
den blick zurück
und jenen ort
der tausend worte.

im süden
suche ich
den norden

umsonst.

zwei wolken
am himmel
sonst nichts.

die farbe gelb
bleibt
was sie war
fata morgana
dein name.

Poemas en Galego

I

Nai

Ti es esperanza
a esperanza é comprensión
a comprensión é amor
o amor é morte.

Ti es morte
a morte é amor
o amor é comprensión
a comprensión é esperanza.

Ti eras esperanza
comprensión
amor e
morte.

II

Muiñeira

Nin calor nin touros
mires onde mires, ningún olé
aquí báilase a muiñeira
bébese viño branco e non cervexa.

A auga do mar xélida
o mar bravo
as correntes perigosas
mellor quedas en terra
a non ser que
o ceo te seduza
e o cheiro
da morte salgada.

III

De camiño

De camiño xunta ti
onde estás?

Ninguén te coñece
quen es?

Sinais especiais
como es?

Busca un cego
e comparte con el
o camiño ata a luz.

IV

No meu peto

Os pensamentos no meu peto
fan un furado cara á liberdade

pérdoos
no camiño ao futuro

empedrado con dous mil anos
de esperanza de cor vermello-grosella.

V

Unha bágoa

Ponme unha bágoa nos beizos
e bicareina

aínda que saiba a morte
e a renuncia

aínda mellor
que se é outro quen a ama

para escarvar na busca de novas feridas.

VI

A palabra

A palabra
cae
desde os beizos
na man
escribe
un poema
nos teus ollos:
devezo
pola túa boca

VII

aínda

aínda
as túas mans

aínda
a miña esperanza

aínda
as túas palabras

aínda
a miña saudade

aínda
a túa voz

aínda
o meu loito

quen es ti
quen son eu

VIII

A escuridade

A escuridade
é unha onda
que se empolca na vida
antes de rachala.

A vida
só ten unha cara
se lle dás a volta
les a morte.

A porta
da vida está atrancada
o portón
da morte fica aberto.

Os camposantos
agradécenlle a súa vida
aos mortos
os mortos agradécenlle a súa vida
ao recordo.

XIX

Nos bordes

Manter o equilibrio
e crer na risa
nos bordes
da sombra.

Recortar as curvas
e alcanzar a meta
nos camiños
do pensamento.

Sacrificar as palabras
e espir os bicos
nas mans
do amor.

Quítanlle á tenrura o seu rostro
e bótante ao mundo.

X

dende dentro

dende dentro
chama o regreso
só
pois
o pasado
quedou
polo camiño.

XI

A través de redes

A través de redes
deixo chover palabras
dun libro non vivido
e cazo as frases
coa man,
aínda que as liñas flúen.

Só en si mesma
confía a forma
e esculpe dos textos amor.

XII

Eu deposito

Eu deposito sol
nas cartas
que lles escribo ás nubes
pois
os seus ceos
están contados.

XIII

Cara á terra
da alma
camiño eu
senlleira

ninguén
é quen
de seguir
os meus pasos.

XIV

Transparente
anónima

en harmonía
co último silencio

son eu
vento nocturno

no teu
lago.

XV

Non
ser
o mesmo

tampouco
outro

atoparse
a medio camiño.

XVI

O boleto verde
para gañar
a esperanza

o prezo
é alto

pero tamén
perder sae caro

nada
é de balde

pagar
toda unha vida
por sobrevivir.

XVII

O mar
non podo
levalo
por iso
apaño
sal
e escoito
a palabra
que bisba
nas buguinas.

XVIII

O azul da noite
colleita
horas
e depositachas
a ti
no corazón
e enriba
dos outeiros
deste tempo.

XIX

O pé
na auga

no brazo
os montes

e néboa
no peito.

A árbore
abaixada

o machado
no regazo

o sangue flúe
desde o claro.

XX

Diante da ventá
o asentir dos fucsias

cedros á porta
ante as matogueiras mudas

na man
o cheiro do verán

Roxos leva
leiras na súa pel.

XXI

Cipreses no xardín
no valado do esquecemento
comparten comigo o silencio,
non o soño.

Sen valor para volver.

Abro a terra
e escarvo na busca de desexos
ata non poder máis.
O frío dime

que estou nas últimas.

XXII

mesmo
os grans de area
contei eu
para encher
o baleiro
no meu camiño
ao mar

XXIII

a porta fica aberta
e as horas pasan.

sen dereito
á primavera.

algo en min
xoga á pita cega

e renuncia
á busca

atopas
o que podes e

cres ... no
soño dourado.

XXIV

nada
só
escoitar o silencio
mesmo
cando
non se escoita nada
escóitase algo
aínda que
só
se escoite
o silencio.

XXV

acordar
dormir

soños
amar

o teu corpo
tempo

pasado
esfolado

XXVI

primeiro ti
despois eu
non nós
nun só paso
o meu pé
prisioneiro
xa non comeza
novo camiño
ningún

quita
os zapatos

XXVII

unha manchea
de distancia
a túa palabra
no vento
ondea
coma unha imaxe
diante da ventá

XXVIII

azul
e profundo
e sen
palabras

o aire

de tanta calor
rígido
suou
distancia

rodeiras
do verán

XXIX

todo acontece
desamparo
baleiro
sen alento
veña
o que veña
vén
como quere
e non
te salva
de ti mesmo

XXX

podería
sorrir e
calar
toda unha vida
vida aparente
trauma do sur
fragmento
da existencia
nome propio:
ausencia

XXXI

captar
a luz en
palabras
colgalas
en arañeiras
alí onde o instante
coloca as pisadas

en cada outono

XXXII

mirada
fría coma o xeo

cidade
peregrinada

ante min
só pedras

XXXIII

ser
labirinto

realidade
no espazo

inmóbil
confiado

fóra
o mundo
película desenfocada

XXXIV

pertencer
á ilusión
planar
en nubes suaves
baleiro brando
debaixo
da pel

unha mirada silenciosa
o día seguinte

XXXV

bicar
o silencio
cada mañá
e
o orballo
dos teus ollos

así
rompe
o bertón
do día

XXXVI

onde medran
as pedras
escribo eu
lembranzas
no país
para que
boten raíces
e
temperen
a túa frialdade

XXXVII

lanzar
soños
ao aire
deixalos subir
como papaventos

vida
caendo en picado
en algo
parecido
á realidade

XXXVIII

a risa
na boca
 protexida
 cálida
dá
coa beira
do baleiro
que colga
nos dentes

XXXIX

a través da lingua
coa lingua
atopar a voz
en si mesmo

pensar
a cousa
antes da palabra
e a imaxe
antes da idea

sixelamente
deixar que o día sexa día
e noite, a noite

XL

pregunta
a tenrura
polas illas
e onde
vive o anxo
que escribe
os nosos soños

en nós
para nós
e sen

preguntarnos

XLI

no anverso
da auga

o correr
da noite

estrelas
na profundidade

ancoradas
só

lles importa
aos peixes

XLII

on
te
vía eu
o mundo
como era

hoxe
vexo
o mundo
como lle gustaría ser.

XLIII

droga
público.

ti irás
alí.

con máscara
e disfrace.

falar en
papel estraño.

e afundir
dentro del.

XLIV

quen non se atende
a si mesmo
escorrenta
o momento
dunha saudade

perde
o soño
dun amor.

media verdade
por medias mentiras.
un ollo abonda
para ver a necesidade
de vivir
sen futuro

XLV

escuro diante
da luz
o teu alento
no espazo.

invisible
a miña palabra
na túa
boca.

ti coñeces
a obra
na que
falta
un papel
para min.

passé o consello
ti só tes que
querer.
non certo
realmente.

XLVI

debaixo de min
salucando
o mar
coma se
respirase
se erguese
e medrase
cara
ao ceo.
e ao lonxe
unha luz
como agoiro
dunha derradeira
ilusión.

XLVII

demasiado amarelo o día
respirado para o
instante dos feitos.

nomeeite
polo teu nome
sen necesidade dun alias.

ti estás
sobre o pé esquerdo
e buscas
a pisada dereita

en van
no meu camiño.

XLVIII

entón continúa
adiante
case sempre calmo
igual aquí
que alí
cara abaixo
paseniño
seguramente
sen estar así
previsto.

abaixo de todo
sentir
o chan
nun
espazo amarelo.

XLIX

amarelo aquí.
non menos
que alí.
tan lonxe
tan preto
o teu firmamento
horas anubradas
sen luz.

na auga
cae o día.

L

devólvoche
a mirada
e aquel lugar
das mil palabras.

no sur
busco
o norte

en van.

dúas nubes
no ceo,
e máis nada.

a cor amarela
fica
como era
fata morgana
o teu nome.



CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM)

SERVIZO DE NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

